

DOMINGO 22 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Eclo 3, 19-21. 30-31 (gr 17-18. 20. 28-29)

Faite humilde; encontrarás graza diante de Deus

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ECLESIAÍSTICO

Meu fillo, cando sexas rico procede modestamente
e virás a ser máis amado que o que fai moitos agasallos;
faite pequeno diante das grandezas do mundo
e encontrarás favor onda Deus;
Non vaías á procura do difícil de máis para ti
nin pescudes o que te supera;
Non corras a sandar a ferida do burlón;
non ten cura pois é grelo de planta cativa.
A mente sabia comprende os ditos dos Sabios,
o oído atento á Sabedoría aledarase.

SALMO RESPONSORIAL Sal 67, 4-5ac. 6-7ab. 10-11

R/ (cf 11b): Na túa bondade, Deus, dispuxeches unha casa para o pobre

Os xustos alégranse, exultan na súa presenza,
reloucan de contento.
Louvade o Señor, cantade o seu nome
Chámase Señor: exultade diante del.

Os orfos teñen un pai, as viúvas un vingador:
Deus na súa morada santa.
Deus dálles fogar aos solitarios,
libra os presos e enriqueceos,

Vertiches, Deus, chuvia xenerosa,
Fortaleciches a herdade extenuada.
O teu rabaño apousentou no lugar
que ti, Deus, dispuxeras na túa bondade para os pobres.

SEGUNDA Heb 12, 18-19. 22-24a

Estades diante do monte Sión, da cidade do Deus vivo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

Irmáns e irmás:

Non estades diante dun monte que se poida apalpar nin dun lume ardente nin dunha nube negra e borrascosa nin dunha tormenta nin diante do bucinazo dunha trompeta nin do boureo dunhas palabras coma as que escoitaron aqueles que, ao sentilas, pediron que non lles falase máis. Vós, en cambio, estades diante do monte Sión, da cidade do Deus vivo, da Xerusalén celeste; diante de milleiros de anxos, da asemblea en festa dos primoxénitos censados no ceo, e diante de Deus, xuíz de todos, e das ánimas dos xustos que xa chegaron á súa perfección, e diante de Xesús, mediador da Nova Alianza.

ALELUIA Mt 11, 29ab:

Cargade co meu xugo, di o Señor,
e aprendede de min que son manso e humilde de corazón

DOMINGO 22 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 14, 1. 7-14

Quen se exalta será humillado e quen se humilla será exaltado

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Un sábado ía Xesús comer, á casa dun xefe dos fariseos; e eles vixiábano. Decatándose de que os convidados buscaban os primeiros postos, contoulles unha parábola:

- Cando alguén te convide a unha voda, non te poñas no primeiro posto. Pode suceder que un máis distinguido ca ti tamén estea convidado e que veña o que vos convidou e che diga: "Déixalle o sitio a este", e cheo de vergonza teñas que ir para o derradeiro lugar. Ao revés, ti, cando te conviden, ponte de último, para que cando chegue o que te convidou che poida dicir: "Amigo, sube máis arriba". E quedarás moi ben diante de todos os convidados. Porque a quen se ten por moito, hano rebaixar e a quen se rebaixe hano enaltecer.

E díxolle tamén ao que o convidara:

- E ti, cando deas un xantar ou unha cea, non chames os teus amigos, irmáns, parentes ou veciños ricos; non sexa que eles te recompensen convidándote tamén a ti. Cando deas un banquete, convida os pobres, eivados, coxos e cegos; e serás ditoso, porque non te poden recompensar; pero xa se che recompensará na resurrección dos xustos.